

**RESOLUCIÓN DO 11 DE NOVEMBRO DE 2013 DO PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (FUNDACIÓN TIC), POLA QUE SE APROBA A LISTAXE DOS ASPIRANTES SELECCIONADOS PARA PARTICIPAR NO PROXECTO DE MOBILIDADE TIC LUGO II, ENMARCADO DENTRO DO PROGRAMA LEONARDO DA VINCI DO PROGRAMA DE APRENDIZAXE PERMANENTE.**

Vista a acta de reunión da Comisión de Valoración Técnica do proxecto TIC LUGO II enmarcado dentro do programa Leonardo da Vinci do Programa de Aprendizaxe Permanente, celebrada o día 7 de novembro de 2013 ás 19:00 horas no Salón de Actos da Escola de Imaxe e Son de Lugo - Fundación TIC, na que se adoptaron os seguintes acordos:

- Propoñer, a listaxe de aspirantes coas puntuacións obtidas na fase de entrevista persoal, que de acordo co establecido no punto 9.3 das bases do proceso selectivo, tivo como finalidade apreciar o grao de madurez e dominio dos coñecementos e a formación acreditada no currículo, en relación co contido das prácticas que se van realizar; así como a capacidade lingüística suficiente no idioma inglés para poder desenvolverse nos países de destino, e terá unha puntuación máxima de 5 puntos.
- Propoñer a Cualificación Final obtida polos aspirantes, que de conformidade co establecido no punto 9.4 das bases do proceso selectivo, está determinada pola suma das puntuacións obtidas na Proba de Coñecemento, na fase de Baremo de Méritos e na fase de Entrevista Persoal e terá un máximo de 20 puntos.
- Propoñer, unha vez finalizado o proceso selectivo e segundo o fixado no punto 9.5 das bases, a listaxe das persoas seleccionadas como participantes no proxecto TIC LUGO II, e a súa publicación no taboleiro de anuncios da Fundación TIC, na páxina web [www.fundaciontic.org](http://www.fundaciontic.org) e na páxina web [www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org).

Vistas as bases aprobadas por resolución do Presidente do Padroado de 6 de setembro de 2013 (BOP número 213, do 16 de setembro de 2013), de acordo co establecido no punto 9.5 das mesmas, e en uso das funcións que me confiren os estatutos reitores da Fundación para o Desenvolvemento das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (FUNDACIÓN TIC), como Presidente do Padroado da mesma, **RESOLVO:**

1. APROBAR AS CUALIFICACIÓNS FINAIS OBTIDAS POLOS ASPIRANTES, NO PROCESO DE SELECCIÓN PARA PARTICIPAR NO PROXECTO TIC LUGO II, ENMARCADO DENTRO DO PROGRAMA LEONARDO DA VINCI DO PROGRAMA DE APRENDIZAXE PERMANENTE.
2. APROBAR A LISTAXE DOS ASPIRANTES SELECCIONADOS PARA PARTICIPAR NO PROXECTO TIC LUGO II.
3. ORDENAR A SÚA PUBLICACIÓN NO TABOLEIRO DE ANUNCIOS DA FUNDACIÓN TIC, NA PÁXINA WEB DA FUNDACIÓN TIC [www.fundaciontic.org](http://www.fundaciontic.org) E NA PÁXINA WEB DA DEPUTACIÓN DE LUGO [www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org).

**CUALIFICACIÓNS FINAIS OBTIDAS POLOS ASPIRANTES PARA PARTICIPAR NO PROXECTO TIC LUGO II**

Nº	APELIDOS	NOME	PROBA DE COÑECEMENTO	BAREMO MÉRITOS	ENTREVISTA PERSOAL	CUALIFICACIÓN FINAL
1	DE LA SOTA SÁNDEZ	RAMÓN	9,50	0,50	4,00	<b>14,00</b>
2	DÍEZ CEDRÓN	LAURA	10,00	1,50	4,50	<b>16,00</b>
3	DÍEZ VEIGA	MIGUEL	10,00	0,50	2,75	<b>13,25</b>
4	LÓPEZ GARCÍA	HUGO	9,00	0,75	3,50	<b>13,25</b>
5	LÓPEZ GRAÇA	CRISTINA MARÍA	10,00	1,00	4,25	<b>15,25</b>
6	LÓPEZ SOUTO	ROBERTO	8,50	0,50	3,00	<b>12,00</b>
7	PINTADO LÓPEZ	ÁLVARO	9,50	0,50	4,00	<b>14,00</b>
8	QUIÑOÁ PIÑEIRO	LARA MARÍA	10,00	3,25	5,00	<b>18,25</b>

**LISTAXE DE ASPIRANTES SELECCIONADOS PARA PARTICIPAR NO PROXECTO TIC LUGO II**

Nº	APELIDOS	NOME
1	DE LA SOTA SÁNDEZ	RAMÓN
2	DÍEZ CEDRÓN	LAURA
3	DÍEZ VEIGA	MIGUEL
4	LÓPEZ GARCÍA	HUGO
5	LÓPEZ GRAÇA	CRISTINA MARÍA
6	LÓPEZ SOUTO	ROBERTO
7	PINTADO LÓPEZ	ÁLVARO
8	QUIÑOÁ PIÑEIRO	LARA MARÍA

De acordo co establecido no punto 10 das bases do proceso de selección, os aspirantes que figuren na lista de seleccionados, disporán dun prazo de cinco (5) días naturais seguintes ao da publicación desta resolución para comunicar por escrito á Fundación TIC a súa aceptación.

Se transcrito ese prazo non se fixese manifestación expresa en ningún sentido, entenderase como renuncia a participar no proxecto.

Así mesmo, os aspirantes seleccionados deberán achegar, no mesmo prazo, a seguinte documentación e do xeito que se indica a continuación:

Ao rexistro da Escola de Imaxe e Son de Lugo – Fundación TIC:

- Fotocopia da tarxeta sanitaria europea.
- 2 fotos tamaño carné.
- Documento de “Términos Xerais do Programa” debidamente asinado.

Á dirección de correo electrónico, [ticlugo2@fundaciontic.org](mailto:ticlugo2@fundaciontic.org), e debidamente cumprimentado:

- A Application form, cumprimentada en inglés (modelo dispoñible na web da Fundación TIC e da Deputación de Lugo).
- O Curriculum Vitae, cumprimentado en inglés (modelo dispoñible na web da Fundación TIC e da Deputación de Lugo, así como as instrucións para a súa redacción).
- A Carta de Motivación, que será de redacción libre no idioma inglés. As instrucións para a súa redacción están dispoñibles na web da Fundación TIC e da Deputación de Lugo.

A designación das cidades para a realización das prácticas profesionais darase a coñecer ós aspirantes seleccionados e que aceptaran participar no proxecto TIC LUGO II, a través da publicación dun anuncio no Taboleiro de Anuncios da Fundación TIC, na páxina web da Fundación TIC [www.fundaciontic.org](http://www.fundaciontic.org) e na páxina web da Deputación de Lugo [www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org), así como as distintas posibilidades nos países de destino.

A designación das empresas nas que se efectuarán as prácticas decidirse en colaboración cos socios intermediarios do Proxecto TIC LUGO II, á vista do perfil das persoas seleccionadas e preferentemente con carácter previo á partida das persoas beneficiarias.

Os países de preferencia sinalados na solicitude (Anexo I) polos beneficiarios, non serán en ningún caso vinculantes senón orientativos á hora da procura da empresa, intentando na medida do posible respectar ditas preferencias.

A Fundación TIC non se responsabiliza dos posibles rexeitamentos de perfís académicos/profesionais dos participantes, por parte dos organismos intermediarios e organismos de acollida dos diferentes países de destino.

En Lugo, a 11 de novembro de 2013. O SECRETARIO DO PADROADO, Don Francisco Javier Giménez Miralles  
OPRESIDENTE DA FUNDACIÓN TIC, P.D. Resolución do día 29-01-2013- A Patroa, Dona Regina Polín Rodríguez.